



ÚLTIMAS PUBLICACIONES DOS MUSEOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.

Os museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria editan todos os anos catálogos e guías visuais das exposicións realizadas, así como publicacións periódicas orientadas á investigación e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

As seguintes publicacións están dispoñibles, para a súa adquisición, nas sedes dos museos. Algunhas pódense adquirir online a través da páxina web da Librería Institucional da Xunta de Galicia.

	<p>Catálogo da exposición “A contemplación do invisible. Iconas rusas. Colección Santos Illueca”. O catálogo, publicado polo Museo das Peregrinacións e de Santiago, está dedicado á exquisita colección de iconas rusas Santos Illueca. As iconas son a plasmación plástica por excelencia da relixiosidade do leste de Europa. Nesta publicación explícanse as técnicas e materiais empregados na elaboración das iconas, autores e lugares onde se elaboraban, etc. para introducirse de seguido no apaixonante mundo da iconografía representada nos exemplares que forman a colección. A publicación recolle nas súas 400 páxinas máis de 250 fotografías a toda cor das pezas que compoñen a colección.</p> <p>Año 2016. Tapa branda. 400 páxinas. 25x20,5 cms. Galego. Castelán. ISBN: 978-84-453-5231-1. PVP: 30,00€</p> <p>Venda online: https://libreria.xunta.gal/gl/a-contemplacion-do-invisible-iconas-rusas-coleccion-santos-illueca-1</p> <p>Outras publicacións do museo: http://museoperegrinacions.xunta.gal/gl/publicacions</p>
	<p>Catálogo da exposición “O primeiro Picasso”. Este catálogo, publicado polo Museo de Belas Artes da Coruña, é unha completa publicación que ofrece unha análise pormenorizada dunha etapa fundamental na formación de Picasso, a comprendida entre 1891 e 1895, na que o artista residiu na cidade da Coruña. Nel estúdanse con detalle as experiencias e as ensinanzas recollidas neses anos cruciais para poder comprender dun xeito máis profundo a repercusión que tivo a súa obra. Presenta dez seccións cos correspondentes textos que explican o contido da mostra xunto con fotografías a toda cor das obras expostas.</p> <p>Año 2015. Tapa branda. 472 páxinas. 28,5x24 cms. Galego/inglés. Castelán/inglés. ISBN: 978-84-453-5178-9. PVP: 40,00€</p> <p>Venda online: https://libreria.xunta.gal/gl/o-primeiro-picasso-a-coruna-1891-1895</p> <p>Outras publicacións do museo: http://museobelasartescoruna.xunta.gal/index.php?id=193</p>
	<p>Catálogo da exposición “Alicerces. Evolución urbana de Ourense do século XVI ao XX”, publicado polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Trata da traza urbana da cidade como expresión dunha evolución que arrinca nun momento de revitalización urbana sobre o vello soar medieval herdado, e que irá cambiando ata o despegue demográfico e industrial. Unha cidade que se dota ao longo do século XVI dos necesarios centros administrativos e de servizo e que, no século XIX, produto do progreso moderno, rexistra importantes actuacións urbanísticas. Multitude de fotografías recollen planos, maquetas, documentos e pezas escultóricas e arqueolóxicas que documentan a evolución construtiva da cidade.</p> <p>Año 2016. Tapa branda. 160 páxinas. 29,7x21 cms. Galego. ISBN: 978-84-453-5209-0. PVP: 11,00€</p> <p>Outras publicacións do museo: http://www.musargourense.xunta.es/category/publicacions/novidades/</p>



Catálogo da exposición "**Na procura do pasado. Orixe e desenvolvemento da arqueoloxía en Ourense**", publicado polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Nel recóllese o traballo levado a cabo no eido da arqueoloxía polos distintos persoeiros que, desde a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense, desde o Seminario de Estudos Galegos e o Grupo Nós, abriron vieiros para descubrir o pasado da provincia e da súa evolución histórica, ao amparo das tendencias metodolóxicas de cada momento. 64 fotografías ilustran os grandes persoeiros da arqueoloxía ourensá, as escavacións de época e as pezas arqueolóxicas máis salientables.

Ano 2016. Tapa branda. 160 páxinas. 29,7x21 cms. Galego.
ISBN: 978-84-453-5238-0. PVP: 11,00€

Outras publicacións do museo:

<http://www.musargourense.xunta.es/es/category/publicacions/novidades/>



Revista "CROA". Trátase dunha edición anual de carácter informativo e científico que publica o Museo do Castro de Viladonga. Está composta por artigos de temática arqueolóxica, histórica, artística e patrimonial. Pretende ser un órgano de expresión científica e cultural e, ademais, servir de vía de comunicación con outros museos a través do intercambio con outras institucións. No número 26 da revista, do ano 2016, recóllese diversos estudos relacionados coa arte e a arqueoloxía da provincia de Lugo en xeral e, en particular, do castro de Viladonga.

Ano 2016. Tapa branda. 160 páxinas. 29,7x21 cms. Galego.
ISSN: 1575-0639. PVP: 10,00€

Outras publicacións do museo:

<http://www.aaviladonga.es/index.php?componente=pubicaciones&arch=index&id=0&clase=marron&idmenu=5>




Colección Vitivinícola 2: A tonelería. O Museo Etnolóxico de Ribadavia está a publicar unha serie de catálogos destinados á catalogación e difusión de pezas, aparellos e elementos culturalmente significativos das súas coleccións vitivinícolas. Publicado no nº 1 desta serie un catálogo de elementos misceláneos da colección do Museo Etnolóxico, editase agora o primeiro número monográfico relativo aos fondos representativos da súa colección de tonelería. O catálogo está ilustrado con imaxes relativas aos obxectos catalogados e ás cadeas operatorias que caracterizan o traballo do toneleiro. As fotografías que ilustran esta publicación pertencen á colección fotográfica do Museo Etnolóxico.

Ano 2016. Tapa branda. 160 páxinas. 21X17 cms. Galego.
ISBN: 978-84-453-5228-1. PVP: 14,00€

Venda online: <https://libreria.xunta.gal/gl/coleccion-vitivinicola-2-a-toneleria>

Outras publicacións do museo:

<https://es.pinterest.com/museoetnoloxico/publicacions-do-museo/>



“A pesca fluvial a través da colección do Museo Etnolóxico”. Esta publicación fai un percorrido pola evolución da pesca fluvial en Galicia a través de bens procedentes das coleccións do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

A evolución da pesca fluvial analízase a través de dúas variables que se entrecruzan; por unha banda a pesca fluvial como actividade económica complementaria, e por outra como manifestación cultural. O discurso constrúese con obxectos, fotografías e textos, articulado en “artes naseiras” (as máis antigas), “artes redeiras” (as de máis capacidade extractiva), as “embarcacións” e “as artes de liña” (a pesca con cana).

Año 2016. Tapa branda. 80 páxinas. 17X17 cms. Galego.

ISBN: 978-84-453-5237-3. PVP: 5,00€

Outras publicacións do museo:

<https://es.pinterest.com/museoetnoloxico/publicacions-do-museo/>



Guía ilustrada da exposición temporal **“A arte de navegar”**. Publicada polo Museo Massó de Bueu, trátase dunha guía visual e descritiva das principais pezas da colección doada por Antonio Rama Laguna á Comunidade Autónoma de Galicia, vinculada coa historia da navegación. Esta doazón permite ampliar o marco cronolóxico das coleccións do Museo ata as décadas centrais do século XX, período inmediatamente anterior á invención do GPS. Coa incorporación desta nova tecnoloxía desaparecerá o milenario sistema astronómico de navegación e os instrumentos aos que dera lugar.


Año 2016. Tapa branda. 32 páxinas. 21X14,8 cms. Galego. Castelán.

ISBN: 978-84-453-5229-8. PVP: 10,00€

Venda online: <https://libraria.xunta.gal/gl/a-arte-de-navegar-a-coleccion-de-antonio-rama-0>

Outras publicacións do museo:

<http://museomasso.blogspot.com.es/p/servizos.html>



Catálogo da exposición **“De Punta Balea a Cabo Morás. A caza moderna da balea en Galicia”**. Esta publicación do Museo Massó explora un eido pouco coñecido en Galicia: a industria que se desenvolveu en torno á caza da balea, da que a empresa Massó foi unha das principais protagonistas. De feito, o Museo posúe a única colección da industria baleeira existente na Península Ibérica. O fío condutor é a progresiva mellora tecnolóxica da que se derivan novas formas de explotación, que permitirá ir dende os inicios da pesca da balea cos vascos ata as factorías galegas como únicos centros de explotación de toda a península.

Año 2016. Tapa branda. 120 páxinas. 17x21 cms. Galego. Castelán.

ISBN: 978-84-453-5202-1. PVP: 10,00€

Outras publicacións do museo:

<http://museomasso.blogspot.com.es/p/servizos.html>



Catálogo da exposición do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) **“Manuel Vilariño. Tectónica”**. É una prospección no universo creativo e poético de Manuel Vilariño, pero cunha perspectiva que nos permite aproximarnos á súa obra desde un ángulo ou unha visión inédita. Trátase, efectivamente, de posibilitar un traballo de corte tectónico, nun uso metafórico do termo; é dicir, indagar e evidenciar cales son as liñas de sostemento que fundamentan a súa reflexión estética e que explican, a modo dun impulso continuo e dun contrapunto, todas as realizacións plásticas e poéticas deste creador tan singular.


Año 2016. Tapa dura. 180 páxinas. 27x24 cm. Galego/inglés. Castelán/inglés

ISBN 978-84-453-5219-9. PVP: 35,00€

Venda online: <https://libraria.xunta.gal/gl/manuel-vilarino-tectonica-0>

Outras publicacións do museo:

<http://cgac.xunta.gal/GL/publicacion-lista>



Catálogo da exposición do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) “**Antoni Socías. Teoría y práctica del desierto**”. Nel propónse un percorrido polos procesos de traballo de Antoni Socías (Inca, Mallorca, 1955), vinculando, desde a fricción, fotografía e pintura, obxecto, instalación e vídeo. As súas obras revelan unha predilección polos paradoxos e tamén polo absurdo que sutilmente se converte nunha larvada crítica social e política desde as pequenas cousas. Moitas das súas creacións teñen algo de performance e comparten unha dinámica de escenificación seriada na que, a partir do autorretrato, abórdase a crítica social desde os resortes dun absurdo rigoroso.

Ano 2016. Tapa branda. 196 páxinas. 27x24 cms. Castelán/inglés.
ISBN-978-84-453-5233-5. PVP: 30,00€

Venda online: <https://libraria.xunta.gal/es/antoni-socias-teoria-y-practica-del-desierto>

Outras publicacións do museo:

<http://cgac.xunta.gal/GL/publicacion-lista>



Catálogo da exposición do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) “**Clearblueskydeepdarkwater: Graham Gussin**”. Graham Gussin (Londres, 1960) utiliza unha gran diversidade de medios —texto, debuxo, filme, son, escultura e instalación— para explorar a nosa percepción do tempo, do espazo e da escala. As súas obras adoitan manipular e apropiarse de imaxes e narracións literarias extraídas da historia da arte, da cultura popular e, sobre todo, do cine. A súa capacidade de crear obras dunha densidade interpretativa singular consolídase a partir dun xogo continuo de referencias e relacións conceptuais, as cales remiten a un tránsito perceptivo que nos transporta a paisaxes mentais, onde o desasosiego, a estrañeza e a melancolía poden emerxer nunha proximidade intrigante ou na máis inusitada distancia.

Ano 2016. Tapa dura. 128 páxinas. 30x21 cms. Galego/castelán/inglés/francés.
ISBN: 978-84-453-5211-3. PVP: 30,00€

Venda online: <https://libraria.xunta.gal/es/clearblueskydeepdarkwater-graham-gussin-centro-galego-de-arte-contemporanea-santiago-de-compostela>

Outras publicacións do museo:

<http://cgac.xunta.gal/GL/publicacion-lista>




Catálogo da exposición do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) “**Agrupar_Desagrupar. Rupturas da representación**”. Entre o despuntar de Atlántica e o xurdir da Facultade de Belas Artes de Pontevedra desenvólvese en Galicia o traballo dunha importante nómina de artistas de moi diferente procedencia académica e cos máis diversos horizontes estéticos e conceptuais. Nesa paréntese fecunda loitarán por ampliar a visibilidade da súa obra en condicións adversas nunhas terras de ninguén nas que sempre será dificultoso encontrar sinais de orientación e referencia. Arranca entón unha apaixonante diversidade de propostas e de nomes, tamén moi crecente en número se a comparamos coa xeración anterior. Esa apaixonante diferenza tivo un constituínte común que non era outro que a autoconciencia do feito artístico e da incontrolable contaminación de linguaxes.

Ano 2016. Tapa branda. 208 páxinas. 21X25,5 cms. Galego. Castelán
ISBN: 978-84-453-5218-2. PVP: 30,00€

Venda online: <https://libraria.xunta.gal/gl/agrupardesagrupar-rupturas-da-representacion>

Outras publicacións do museo:

<http://cgac.xunta.gal/GL/publicacion-lista>



Catálogo da exposición do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) **“O mundo nas mans: Cartografía escolar dos séculos XIX e XX”**. Esta publicación recolle información e imaxes dos materiais didácticos para o ensino da xeografía nos séculos XIX e XX. Permite comprender a súa evolución e observar as formas de transmisión desta área do coñecemento no mundo escolar.

Ano 2016. Tapa branda. 160 páxinas. 25x18 cms. Galego.
ISBN: 978-84-453-5210-6. PVP: 5,00€

Venda online: <https://libraria.xunta.gal/gl/o-mundo-nas-mans-cartografia-escolar-dos-seculos-xix-e-xx>